

FICHA DE RESULTADOS PARA PUBLICAR NA WEB DE REDEMAR

PROXECTO	Índice de sostibilidade do ourizo de mar (SOST-ERIZO)
-----------------	---

SOCIOS	
---------------	--

PARTICIPANTES NO PROXECTO, ENTIDADES

Future Oceans Lab (UVIGO), CIMA, Mareira Bizi S.C.G, Federación Galega de Confrarías de Pescadores, Confraría de Pescadores de Lira, Confraría de Pescadores de Baiona

ANTECEDENTES

Nos últimos anos, a demanda de ourizo de mar (*Paracentrotus lividus*) vai en aumento. Como consecuencia de ser un recurso moi valorado, é preciso mellorar as súas medidas de xestión para evitar a súa sobreexplotación. Ademais, o ourizo amosa indicios de resiliencia aos efectos do cambio climático, polo que pode resultar un recurso clave para o futuro.

OBXECTIVOS DO PROXECTO

Este proxecto pretende xerar un índice de sostibilidade que permita mellorar a xestión interna da pesca do ourizo de mar desde una perspectiva multidisciplinar baseada na obtención e operacionalización de datos empíricos.

ACTIVIDADES E TAREFAS REALIZADAS, METODOLOXÍA, FASES DO PROXECTO

Metodoloxía de elaboración do índice:

1. Obradoiros participativos nas confrarías para o deseño colaborativo do índice.
2. Datos recollidos das enquisas feitas ao colectivo.
3. Datos recollidos das asistencias técnicas.
4. Cálculo dos resultados de sostibilidade por confraría e zona de explotación.

RESULTADOS

A creación do índice de sostibilidade da pesca do ourizo de mar con 4 dimensións de traballo: ambiental, económica, social e de gobernanza, procurando a sostibilidade do sistema pesqueiro a longo prazo. O índice constrúe un resultado conxunto da sostibilidade que pode analizarse en base ás súas dimensións (4) e indicadores (19).

- DIMENSIÓN AMBIENTAL**
 - 1. variación da cpue
 - 2. nivel de contaminación
 - 3. talla media sobre a legal
 - 4. variación de algas beneficiosas
 - 5. facilidade de acadar o cupo
- DIMENSIÓN ECONÓMICA**
 - 6. prezo medio sobre mínimo
 - 7. demanda local
 - 8. salario medio
 - 9. dependencia do recurso
 - 10. necesidade de subvencións
- DIMENSIÓN SOCIAL**
 - 11. nivel de furtivismo
 - 12. diversificación de rendas
 - 13. cohesión social na confraría
 - 14. nivel de equidade no sector
 - 15. nivel de satisfacción
- DIMENSIÓN DE GOBERNANZA**
 - 16. nivel de co-xestión
 - 17. participación na toma de decisións
 - 18. información recollida polo sector
 - 19. frecuencia e localización de mostraxes

Figura1. Dimensións de traballo cos 19 indicadores avaliados en cada unha das dimensións.




Figura2. Exemplo do resultado obtido sobre a sostibilidade da pesqueira do ourizo.

CONCLUSIÓN

O índice desenvolvido pódese aplicar en cada campaña para ver os cambios na sostibilidade da pesca do ourizo e recoméndase facer un seguimento da súa utilidade para o sector e sector e a mellora da sostibilidade da pesca do ourizo.



DIVULGACIÓN DOS RESULTADOS, PUBLICIDADE

- Páxina do proxecto: <https://futureoceanslab.org/gl/proxectos/sost-erizo/>
- Tríptico do proxecto:
https://futureoceanslab.org/wp-content/uploads/2023/11/triptico_SOST_Erizo_final.pdf
- Vídeo divulgativo so proxecto SOST-Erizo, e a pesca do ourizo de mar
https://www.youtube.com/watch?v=2q5UQ_r9BnE
- <https://futureoceanslab.org/gl/2023/08/17/afondando-no-conecemento-da-pesqueira-do-ourizo-de-mar-para-lograr-a-sua-sostibilidade-a-longo-prazo/>
- <https://futureoceanslab.org/gl/2023/10/11/desenvolvendo-maneira-colaborativa-un-indice-de-sostibilidade-para-a-pesca-do-ourizo-co-sector/>
- <https://futureoceanslab.org/es/2023/10/20/presentamos-el-indice-de-sostenibilidad-de-la-pesca-del-erizo-de-mar/>
- <https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/duvi/persoal-cim-presenta-indice-medir-sostibilidade-pesca-ourizo-mar>
- <https://industriaspesqueras.com/noticia-77395-sec-Portada>